



Concello de  
**OURENSE**

## **45/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE OUTUBRO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o catorce de outubro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias, e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; a Interventora accidental, dona Paula María Álvarez Fernández e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 07 de outubro de 2021.

### **AVOGACÍA CONSISTORIAL**

**2.- Personamento do Concello diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 214/2.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 214/21 interposto por María Flora Figueroa Rodríguez, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos sufridos no seu vehículo ao caer un sinal de tráfico sobre o coche cando estaba aparcado entre as rúas Río Cenza con 8 de marzo, por importe de 236,92 euros. A data do xuízo é o 22/06/2022.

**3.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 192/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento ordinario 192/21 interposto por CCPP plaza mayor num. 8 DE OURENSE, contra a desestimación presunta da petición de resolución do expediente 2016033655 de Disciplina



Urbanística incoado polas molestias causadas polo Café Druida sito na Plaza Mayor, núm. 8 de Ourense.

#### **4.- Dar conta da sentenza ditada polo TSXG en autos de apelación 4097/21.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer**, a sentenza núm 435/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación 4097/2021, promovido polo Concello e por Luis Martínez Piñeiro.

**2º.-** No suposto de que a Xunta de Goberno decida, recorrer a sentenza diante da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Supremo. Se confira a requerida representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo (Licenzas) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **5.- Dar conta que polo Servizo de Patrimonio remitiuse nos expedientes administrativos para reclamar xudicialmente danos ocasionados en bens de titularidade municipal. Expte 2020039612**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Darse por informada** de que polo Servizo de patrimonio remitiuse nos expedientes administrativos para reclamar xudicialmente os danos causados por don Lucas Blanco Banco, propietario do vehículo marca Volkswagen, modelo Golf, con matrícula OU 6754 V, nun farol da iluminación pública situado na Avenida de Zamora, o día 3 de xullo de 2020, e acordar o exercizo das accións xudiciais procedentes.

#### **6.- Dar conta da sentenza ditada polo TSXG en autos de apelación 4144/2021.**

**O Partido Popular pide que conste en acta a xustificación dos seus votos na recomendación da asesora xurídica de non recorrer a sentenza.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza núm 439/2021 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación 4144/2021, promovido por Miguel Ángel Fernández Fernández, sendo adherido o Concello.

**2º.-** No suposto de que a Xunta de Goberno decida recorrer a sentenza diante da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Supremo. Se confira a requerida representación municipal á Avogacía Consistorial.

**3º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Comercio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **7.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Un de Ourense, no Procedemento Ordinario 34/2020.**





A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e recorrer** a sentenza núm. 165/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Un de Ourense, no Procedemento Ordinario 34/2020, promovido por VILLA ALTA PROYECTOS S.L.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Urbanismo (Patrimonio) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**8.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Abreviado 36/2020-B.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta e, advirindo e corrixindo neste acto un erro no punto 1º do acordo, de tal xeito que, onde dicía: “(...) Coñecer e recorrer a sentenza (...)”, debería dicir: “(...) Coñecer e non recorrer a sentenza (...)”; por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 193/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Abreviado 36/2020-B, promovido Dª Lorena Cruz González, contra a acta de valoración de aspirantes a Técnico de Administración Xeral do 17 de xullo de 2020.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Recursos Humanos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**9.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Un de Ourense, no Procedemento Abreviado 177/2019.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Coñecer e non recorrer** a sentenza núm. 162/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Un de Ourense, no Procedemento Abreviado 177/2019, promovido pola UTE PETROLAM EMERGIS ALAMEDA.

**2º.- Darlle** traslado da sentenza ao Servizo de Comercio para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

**LICENZAS**

**10.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA PRAZA DA LEXIÓN,15. Licenza de obra en vía de legalización para instalación de ascensor no inmovible sito na Praza da Lexión, 15.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2018007707**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Desestimar** as alegacións presentadas por M<sup>a</sup> José Gómez Alonso, con NIF \*\*\*71.00\*\*, no nome e representación de Promeiga de Contratas e Servizos S.L., con NIF B32015505, polas causas e motivos expostos no informe técnico de data 23 de setembro de 2021 e no xurídico de data 4 de outubro de 2021 dos que se achega copia a efectos de motivación.

**2.- Conceder** á Comunidade de Propietarios Plaza de la Legión 15, con NIF H-32248296, licenza de obra en vía de legalización para as obras de instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na Praza da Lexión nº 15 de Ourense (con referencia catastral 2972007NG9827S), en solo urbano, consonte ao proxecto e os anexos redactados pola arquitecta Laura Barja Regueira, cun orzamento de execución material de 29.606,78 euros, e de conformidade co informe técnico de data 13 de xaneiro de 2020 e os xurídicos de 14 de xaneiro de 2020 e 4 de outubro de 2021 dos que se achega copia a efectos de motivación.

**3.- Autorizar**, a instancia da Comunidade de Propietarios Plaza de la Legión 15, con NIF H-32248296, a aplicación da excepcionalidade do apartado II.3 do anexo II do Decreto da Xunta de Galicia 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en base aos motivos expostos no proxecto presentado e nas condicións definidas no mesmo, de conformidade co previsto no art. 8.A.2 do citado Decreto e co exposto no informe técnico de data 13 de xaneiro de 2020.

**4.- Requerir** aos solicitantes para que unha vez rematadas as obras acheguen certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

**5.- Dar** traslado da presente resolución a todas as partes interesadas no mesmo así como á sección de Disciplina Urbanística para a súa incorporación ao expediente núm. 2016016600 aos efectos oportunos.

**Rexime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte o que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.





A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros, sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**11.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución para instalación de ascensor sito na rúa Marcelo Macías, 69. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021014119.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:



**1.- Conceder** á “Comunidade de Propietarios C/ Marcelo Macías Nº 69”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Marcelo Macías número 69, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Roberto Salgado Blanco, e cun orzamento de execución material de 58.804,20 euros.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 6 de outubro do 2021 e ó informe xurídico de data 8 de outubro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:





En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocárase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debéndose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**12.- Doña REMEDIOS SEOANE FERNÁNDEZ.- Licenza de obra para muro de contención de terras sito na rúa Ponte Sevilla, número 17.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021017068**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Único.- Conceder** a dona Remedios Seoane Fernández, licenza urbanística de obra para proxecto de muro de contención de terras na rúa Ponte Sevilla, número 17, consonte ó proxecto redactado polo arquitecto don Manuel Hermida Rodríguez, quen asume a dirección técnica das obras durante a execución das mesmas, cun orzamento de execución material de 16.058,25 Euros.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 27 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 8 de outubro do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condicións xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.







En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

### **SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO**

#### **XESTIÓN URBANÍSTICA**

**13.- Proxecto de expropiación forzosa do AR “As Burgas” do Plan Especial de Protección do BIC do Sitio Histórico de As Burgas. Cumprimento das sentenzas ditadas en relación co expediente. Expediente de restitución das parcelas 1, 2, 5, 6, 7, 8 e 9 do proxecto. Análise e resolución de alegacións. Resolución do expediente (parcelas 1 e 2). Interesados Xardín das Burgas S.A., representada por D. Basilio Martínez Serodio e Banco Santander S. A.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Declarar** a renuncia ó dereito de restitución das parcelas nº 1 y 2 do “Proxecto de expropiación polo sistema de taxación conxunta dos bens e dereitos incluídos no AR “As Burgas” do PEPBICSH de As Burgas” por parte do propietario expropiado no seu intre, Xardín das Burgas S. A., a consecuencia de non manifestaren expresamente a vontade de recuperar a propiedade e de proceder á previa devolución das cantidades percibidas como xustiprezo mediante o seu ingreso na Tesourería Municipal no prazo de tres meses a contar dende o día seguinte ó que se lle notificou o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2020 (punto 24 dos da orde do día) atopándose debidamente advertida a sociedade de dita consecuencia xurídica para o caso de incumprimento da obriga de devolución do xustiprezo en dito prazo.

**2.- Declarar** a consolidación definitiva do dereito de propiedade do Excmo. Concello de Ourense sobre as parcelas nº 1 y 2 do “Proxecto de expropiación polo sistema de taxación conxunta dos bens e dereitos incluídos no AR “As Burgas” do PEPBICSH de As Burgas” xerado a través do exercicio do instituto da expropiación forzosa aplicado en dito proxecto a consecuencia da renuncia ó dereito de restitución de ditas parcelas por parte do propietario expropiado no seu intre, Xardín das Burgas S. A., declarada no apartado primeiro do presente acordo e polos motivos expresados no mesmo.

**3.- Ordenar** á Sección de Patrimonio do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, a realización de todos os trámites e operacións xurídicas necesarias para proceder á inscrición de ditas parcelas no catastro inmobiliario, no Rexistro da Propiedade e no Inventario Municipal de Bens e demais actuacións que procedan. E

**4.- Trasladar** este acordo á Avogacía Consistorial, ó Servizo de Facenda, ó Servizo de Recadación e á Tesourería Municipal para os efectos oportunos; ó Xulgado de Primeira Instancia n.º 11 de Vigo para a súa constancia nos autos de ENJ 61/2015 B e ó Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Ourense para a súa constancia no P.O. 153/2016 e a AEAT -Delegación de Ourense- Dependencia Rexional de Recadación para o seu coñecemento e efectos que procedan.



Todo iso en base ó informe emitido polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística en data 5 de outubro de 2021, que se incorpora ó presente acordo ós efectos de motivación e que será transcrito ós interesados mediante copia simple xunto coa notificación que se lles practique do mesmo e dentro do procedemento de execución das sentenzas nº 127/2017 de 4 de xullo de 2017 (ditada no P. O. 67/2016) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense; nº 190/2019 de 15 de outubro de 2019 (ditada no P.O. 153/2016) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense e nº 99/2017 de 12 de maio de 2017 (ditada no P. O. 157/2016) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense.

#### RÉXIME DE RECURSOS

Este acordo adóptase en execución de sentenzas polo que non cabe recurso en vía administrativa sen prexuízo de que no caso de xurdan discrepancias no cumprimento do ordenado na sentenza poda interperse ante os xulgados incidente de execución de sentenza ao amparo do disposto no artigo 109 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

#### **14.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar por lotes e múltiples criterios de adjudicación os servizos de telecomunicacións do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2021027503)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Aprobar** o expediente para contratar por lotes e múltiples criterios de adjudicación os servizos de telecomunicacións do Concello de Ourense, coa correspondente aprobación das cláusulas administrativas e técnicas:

LOTES	Custe sen IVE	IVE 21%	Presuposto base de licitación anual
<b>Lote 1</b>	227.190,79 €	47.710,07 €	274.900,86 €
<b>Lote 2</b>	111.109,68 €	23.333,03 €	134.442,71 €

**2º.- Dispoñer** a apertura do procedemento de adjudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, en réxime de tramitación anticipada de gasto, sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos aos que se estende a execución do contrato:

Lote 1			
Ano	Nº operación	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE
2022	202100040849	120.9202.22200	203.791,58 €
	202100051157		71.109,28 €
2023	202100040850	120.9202.22200	203.791,58 €
	202100051158		71.109,28 €
2024	202100040851	120.9202.22200	203.791,58 €
	202100051159		71.109,28 €
2025	202100040852	120.9202.22200	203.791,58 €
	202100051160		71.109,28 €

Lote 2			
Ano	Nº operación	Aplicación orzamentaria	Importe con IVE



2022	202100040819	120.9202.22200	126.309,49 €
2023	202100040820	120.9202.22200	134.442,71 €
2024	202100040821	120.9202.22200	134.442,71 €
2025	202100040822	120.9202.22200	134.442,71 €
2026	202100040823	120.9202.22200	8.133,22 €

**3º.- Nomear** como responsable do contrato ao xefe do Servizo de Sistemas de Información e como suplente ao xefe de Sección de Sistemas e Análise.

**15.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar as obras do proxecto de acondicionamento do camiño de baixada á igrexa e camiño das Fontes. (Expediente núm. 2021030912)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1º.- Aprobar** o expediente para contratar, mediante procedemento aberto simplificado, o Proxecto de acondicionamento do camiño de baixada á igrexa e camiño das Fontes, coa correspondente aprobación do prego de condicións económico-administrativas, por importe de 642.183,48€ (530.730,15 € de principal e 111.453,33 de IVE), con cargo a partida orzamentaria 100.1532.61900.

**2º.- Aprobar** o gasto por importe de 642.183,48 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.61900 do orzamento municipal vixente.

**3º.- Dispoñer** a apertura do procedemento de adxudicación, polos trámites do procedemento aberto simplificado.

**16.- Modificación, se procede, da composición da mesa de contratación no procedemento aberto para a subministración e instalación de equipos informáticos do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2020035958)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Rectificar** a composición da mesa de contratación no procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, para contratar a subministración e instalación de equipos informáticos do Concello de Ourense (expediente núm. 2020035958), quedando integrada polas seguintes persoas:

Coordinador Xeral municipal: presidente

Asesor(a) xurídico: vogal

Interventor(a) municipal: vogal

Técnico de administración xeral (José Javier Rivera Martínez): secretario



Suplentes:

Oficial Maior: presidente

Asesor xurídico adxunto: vogal

Técnico/a de Intervención Municipal: vogal

Técnico de administración xeral (Ana María Díaz Pérez): secretario

**2.- Ordenar** a publicación da composición no perfil de contratante.

RÉXIME DE RECURSO: Este é un acto de mero trámite que non resolve nin directa nin indirectamente o fondo do asunto, nin determina a imposibilidade de continuar o procedemento, nin produce indefensión o prexuízo irreparable, polo que non é susceptible de recurso. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán formular alegacións opoñéndose ao mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

**17.- Rectificación de erros, se procede, na aprobación do expediente para contratar o proxecto de humanización das rúas do Sol, Boavista e do Campo - As Eiroás. (Expediente núm. 2021033814)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**Primeiro.- Modificar** o Acordo numero 28 da Xunta de Goberno local de 30 de setembro de 2021, no seu punto primeiro, onde se aproba o Prego de cláusulas administrativas particulares, e modificar o Artigo 4 in fine do indicado prego, na parte relativa a clasificación, de forma que onde di:

“E necesaria nesta licitación a clasificación do contratista, sendo requisito necesario ostentar a seguinte

GRUPO: E.- HIDRÁULICA

SUBGRUPO: 6.- ABASTECIMENTOS E SANEAMENTOS

CATEGORIA: 1”

Debe dicir:

“E necesaria nesta licitación a clasificación do contratista, sendo requisito necesario ostentar a seguinte

GRUPO: E.- HIDRÁULICA

SUBGRUPO: 1- ABASTECIMENTOS E SANEAMENTOS

CATEGORIA: 1”

**Segundo.- Reabrir** o prazo sinalado no Artigo 6 do prego de cláusulas administrativas, relativo a presentación de proposicións, e publicar este acordo na plataforma de contratación do sector público.

No caso de terse presentado algunha oferta no período que medie entre a anterior publicación e a nova que se faga, notificarase expresamente a os licitadores que estean en esa circunstancia, da posibilidade que teñen de retirar a súa proposta ou de mantela nos termos orixinais.

**INFRAESTRUTURAS**





**18.- Expte.- 2021030442. Omisión fiscalización previa na comprobación material da obra "Proxecto de acondicionamento viario dende a OU-506 ate o cemiterio de Velle" executada pola mercantil Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Convalidar** a recepción das obras relativas á certificación núm. 1 e 2 da obra "Proxecto de acondicionamento viario dende a Ou – 506 ata o cemiterio de Velle" e a tramitación da correspondente certificación de obra e factura realizadas no expediente 2021012536, ó estimar acreditado de xeito fidedigno a execución das obras por importe de 52.703,18 euros, conforme a acta de recepción e ós informes técnicos que obran no expediente.

**2.- Aprobar e dispoñer** o gasto e **recoñecer** a obriga a favor da entidade LEONARDO MIGUÉLEZ SL., con NIF B15289614, para o abono da cantidade de 52.703,18 euros, en concepto de indemnización substitutoria correspondente có importe da facturas números EMIT - 210016 e EMIT - 210033, en concepto de certificacións núm. 1 e 2 da obra " Proxecto de acondicionamento viario dende a Ou – 506 ata o cemiterio de Velle", a que expresamente se presta aprobación, que non foi satisfeita pola omisión do trámite de intervención, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.61900 do orzamento municipal vixente (NO: 202100014865).

**3.- Dar** traslado deste acordo á Tesourería Municipal aos efectos do seu reflexo na contabilidade municipal e tramitación do pagamento correspondente.

**19.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros/as de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Ningunha.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Á vista do informe xustificativo que forma parte do expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor) acorda a inclusión na orde do día da sesión do seguinte asunto:

**PERSOAL E RECURSOS HUMANOS**

**20.- Ratificación do acordo da Mesa Xeral de Negociación, de 8 de outubro de 2021, sobre modificación do artigo 16 do Acordo regulador das condicións de traballo en materia de xornada e incorporación como anexo ao dito Acordo regulador do cadro horario da xornada xeral. (Expediente nº 2021021767)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**1.- Ratificar**, con efecto do 1 de novembro de 2021, o acordo da Mesa Xeral de Negociación, de 8 de outubro de 2021, acadado cos sindicatos CSIF, CIG, UGT, SPPME e SAP sobre modificación do



artigo 16 do Acordo regulador das condicións de traballo en materia de xornada e incorporación como anexo ao dito Acordo regulador do cadro horario da xornada xeral, co seguinte contido:

1º) *Modificar o artigo 16 do Acordo regulador, nos seguintes termos:*

a) *No apartado 1, a primeira liña queda redactada como segue:*

*“A xornada laboral ordinaria será a recollida no anexo sobre xornada xeral ordinaria”.*

b) *O parágrafo terceiro do apartado 1 queda redactado como segue:*

*“Establécese un horario de verán, de 15 de xuño a 15 de setembro, ambos inclusive, cunha redución da xornada diaria nunha hora e corenta e cinco minutos. Esta redución de xornada non terá carácter recuperable sempre que se cumpran os condicionantes impostos ao establecemento de xornadas diferentes da xeral ordinaria na Disposición Adicional 144ª, apartado Dous, da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, ou norma que a substitúa no futuro. No caso de que ningún exercicio non se cumpriran estes condicionantes, a xornada de verán terá carácter recuperable, podendo realizarse esa recuperación con anterioridade ou posterioridade ao período estival, dentro do mesmo exercicio”.*

2º) *Aprobar o Anexo sobre xornada xeral ordinaria ao Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes, co seguinte contido:*

**Anexo sobre xornada xeral ordinaria ao Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do CMD**

**I) Obxecto:**

*O presente Anexo ten por obxecto establecer a xornada xeral de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes, en desenvolvemento das previsións dos artigos 16 e 18 do vixente Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes (BOP de 11 de febreiro de 2013).*

*O presente Anexo intégrase no Acordo regulador a tódolos efectos.*

**II) Ámbito de aplicación da xornada xeral:**

*A xornada xeral será de aplicación a tódolos empregados públicos municipais, con exclusión daqueles que, pola especial natureza das súas funcións, teñan asignada unha xornada especial.*

*Terán xornada especial, en todo caso, os seguintes colectivos de empregados públicos municipais:*

a) *O persoal do Corpo de Policía Local, agás o que preste servizos administrativos, que se rexerá pola xornada xeral.*

b) *O persoal do Servizo de Emerxencias e Extinción de Incendios e Protección Civil.*

c) *O persoal do Servizo de Cultura que realice as súas funcións en equipamentos culturais abertos ao público.*

e) *O persoal do Servizo de Educación que realice funcións de docencia ou de apoio ao funcionamento de centros educativos*

f) *O persoal do Servizo de Benestar Social que preste os seus servizos no Fogar do Transeúnte*

g) *O persoal da Sección de Cemiterios do Servizo de Saúde, agás o que realice funcións administrativas.*

h) *O persoal do Servizo de Turismo e Termalismo que realice as súas funcións en equipamentos turísticos abertos ao público.*





*i) O persoal do Consello Municipal de Deportes que realice funcións de atención aos usuarios das instalacións deportivas municipais.*

*k) Calquera outro colectivo para o que se acorde a aplicación dunha xornada especial, previa negociación no marco da Mesa Xeral.*

### **III) Xornada xeral e horarios.**

*A duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, sen prexuízo do horario de verán.*

*A xornada xeral desenvolverase en réxime de xornada continua de mañá de luns a venres, cos seguintes horarios:*

*a) Horario fixo de presenza de 8 a 15 horas*

*b) O tempo restante realizarase en xornada flexible, entre as 7:30 e as 8:00 horas e entre as 15:00 e as 15:30 horas, de luns a venres.*

*Durante a xornada de traballo poderá realizarse unha pausa por un período de 30 minutos, que computará como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar á prestación de servizos, e levarase a cabo preferentemente entre as 10 e as 12:30 horas. No caso de que o persoal non empregue esa pausa, total ou parcialmente, o tempo non empregado compensarase automaticamente, reducindo o tramo da xornada flexible á entrada ou á saída, segundo proceda, no mesmo día no que non se utilizou o tempo de descanso ou no seguinte día hábil, no caso de resultar un excedente de tempo a favor do empregado municipal.*

*O persoal que teña ao seu cargo postos de atención ao público non poderá realizar a pausa de 30 minutos de forma simultánea co resto de persoal de atención ao público da súa unidade administrativa. En todo caso, deberá garantirse en cada oficina a continuidade na atención ao público, incluída a atención telefónica, durante as pausas no traballo.*

*No caso dos empregados públicos que conforme ao disposto no artigo 16.2 do Acordo regulador teñan dereito á flexibilización da xornada laboral o horario máximo de referencia para a dita flexibilización establécese entre as 7 e as 18 horas, de luns a venres. Poderán acollerse á xornada flexible, ademais dos supostos previstos no artigo 16.2, os empregados públicos que teñan ao seu cargo persoas con discapacidade. No caso de empregados con menores de doce anos a cargo, este dereito poderá exercerse tamén no ano no que o menor cumpra os doce anos de idade.*

### **IV) Horario xeral de atención ao público:**

*A partir do 1 de novembro de 2021, o horario xeral de atención ao público será de 8:30 a 14:30 horas, de luns a venres. Durante a vixencia do horario de verán, o horario de atención ao público será de 8:30 a 14 horas.*

### **V) Horario de verán:**

*Durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, ambos inclusive, os empregados públicos municipais poderán realizar unha xornada diaria reducida nun máximo dunha hora e corenta e cinco minutos. Esta xornada reducida deberá cumprirse entre as 8:30 e as 14:15 horas.*

*Esta redución de xornada non terá carácter recuperable sempre que se cumpran os condicionantes impostos ao establecemento de xornadas diferentes da xeral ordinaria na Disposición Adicional 144ª, apartado Dous, da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, ou norma que a substitúa no futuro. No caso de que nalgún exercicio non se cumpriran estes condicionantes, a xornada de verán terá carácter recuperable, podendo realizarse*



esa recuperación con anterioridade ou posterioridade ao período estival, dentro do mesmo exercicio.

**VI) Xornada reducida por interese particular:**

Nos casos nos que resulte compatible coas funcións do posto desempeñado, os empregados públicos poderán solicitar a autorización dunha xornada reducida, ata o 75 % da xornada ordinaria (é dicir, unha redución máxima do 25 %), coa redución proporcional das súas retribucións.

Esta modalidade de xornada reducida será incompatible con outras reducións de xornada previstas na normativa vixente, pero sí será compatible coas medidas de flexibilidade horaria.

Non se poderá conceder o pase á xornada ordinaria dende a xornada reducida por interese particular en períodos do ano tales como vacacións, festivos ou xornadas especiais, agás casos excepcionalmente valorados e xustificados polo órgano competente en materia de recursos humanos.

**VII) Bolsa de horas para atención de menores, maiores e persoas con discapacidade a cargo:**

Os empregados municipais poderán dispoñer dunha bolsa de horas de ata un 5% da xornada anual para os casos de coidado de fillos menores de idade e de menores suxeitos a tutela ou acollemento, e para a atención de persoas maiores e persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

A utilización das horas terá carácter recuperable nun prazo máximo de 3 meses a contar dende o día seguinte ao da utilización da bolsa, debendo cumprirse o total da xornada anual correspondente.

A utilización da bolsa de horas requirirá a previa autorización do órgano competente en materia de recursos humanos, que unicamente poderá denegala en caso de que a dita utilización sexa incompatible coas necesidades do servizo. A solicitude deberá formularse con cando menos tres días hábiles de antelación, agás en casos de urxencia debidamente xustificada, e será resolta no prazo máximo de dous días hábiles.

As horas poderán acumularse en xornadas completas sempre que exista unha razón xustificada, considerando as peculiaridades da prestación do servizo público de que se trate.

**VIII) Control horario e xustificación de ausencias:**

1. O órgano competente en materia de recursos humanos implantará o oportuno sistema de control horario que permita a acreditación do cumprimento do horario laboral establecido.

Os empregados municipais deberán rexistrar no sistema de control horario do seu centro de traballo todas as entradas e saídas correspondentes á súa modalidade de xornada, calquera que sexa a súa causa.

As ausencias requirirán o aviso inmediato ao xefe da unidade correspondente e a súa ulterior xustificación acreditativa, que se trasladará de forma inmediata ao Servizo de Recursos Humanos.

2. Nos supostos de ausencia parcial do posto de traballo como consecuencia da asistencia a consulta, proba ou tratamento médico, o dito período de tempo se considerará como de traballo efectivo sempre que a ausencia se limite ao tempo necesario e se xustifique documentalmente a súa asistencia e a hora da cita.

3. No suposto de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactancia natural, o parte médico acreditativo da baixa deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos, non máis tarde do cuarto día dende que se iniciase esta situación. O parte deberá acreditar a ausencia de cada unha das datas en que se producise a situación de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou riesgo durante a lactancia natural, calquera que fose a súa duración.

Os sucesivos partes médicos de confirmación da baixa inicial, así como os informes médicos de ratificación, deberán presentarse ao Servizo de Recursos Humanos, como máximo ao terceiro día hábil seguinte á súa expedición.







*Unha vez expedido parte médico de alta, a incorporación ao posto de traballo ha de ser no primeiro día hábil seguinte á súa expedición, achegando nese momento o parte ao Servizo de Recursos Humanos.*

*4. Nos casos de ausencia durante a totalidade da xornada diaria por causa de enfermidade ou accidente por prazo inferior a tres días non será necesaria a achega do parte médico de baixa, sendo suficiente a presentación dun certificado ou informe médico da enfermidade ou accidente.*

*5. Os responsables das unidades administrativas esixirán a xustificación oportuna das ausencias e non autorizarán dentro da xornada laboral ausencias para asuntos que poidan realizarse fóra da xornada de traballo, agás as que correspondan ao cumprimento dun deber inexcusable.*

*As ausencias non autorizadas nin xustificadas deberán recuperarse dentro das franxas de horario flexible da mesma semana na que se produzan ou, como máximo, na semana seguinte.*

*A parte da xornada non realizada sen causa xustificada dará lugar á dedución proporcional de haberes, conforme ao disposto no artigo 145 da Lei do Emprego Público de Galicia, sen prexuízo das medidas disciplinarias que puideran adoptarse, no seu caso.*

#### **IX) Xornadas especiais:**

*Ata tanto non se aproben os anexos correspondentes ás xornadas especiais, continuarán sendo de aplicación as xornadas acordadas no seu momento cos traballadores de cada centro de traballo ou cos seus representantes.*

#### **X) Adaptación progresiva da xornada dos empregados públicos que se reincorporen ao servizo tras un tratamento de radioterapia ou quimioterapia:**

*O órgano competente en materia de recursos humanos poderá conceder unha adaptación progresiva da xornada dos empregados públicos que se reincorporen ao servizo tras un tratamento de radioterapia ou quimioterapia, cando esta coadrua á plea recuperación funcional da persoa ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do traballo. Esta adaptación poderá estenderse ata un mes dende a alta médica, e poderá afectar ata o 25 % da duración da xornada, preferentemente na súa parte flexible, considerándose como tempo de traballo efectivo. A solicitude irá acompañada da documentación que achege a parte interesada para acreditar a existencia desta situación, e a Administración municipal deberá resolver no prazo de tres días, sen prexuízo de que, para comprobar a procedencia desta adaptación, poida recabar os informes do servizo de prevención de riscos laborais ou de calquera outro órgano ou unidade que considere oportuno sobre o tratamento recibido ou as actividades de rehabilitación que se lle fosen prescritas. O prazo da adaptación poderá ampliarse nun mes cando a persoa interesada xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento.*

*Con carácter excepcional, e nos mesmos termos indicados, esta adaptación de xornada poderá solicitarse en procesos de recuperación doutros tratamentos de especial gravidade, debendo nestes supostos analizarse as circunstancias concorrentes en cada caso.*

**2.-** A presente modificación unha vez ratificada a súa aprobación pola Xunta de Goberno, presentarase ante a autoridade laboral competente aos efectos de rexistro, depósito e posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 38.6 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 154.6 da Lei do emprego público de Galicia.

**3.-** A modificación do artigo 16 do Acordo Regulador e o anexo da xornada xeral ordinaria entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, aplicándose en todo caso con efectos de 1 de novembro de 2021.



**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día hábil seguinte á publicación do texto íntegro da modificación do acordo regulador no Boletín Oficial da Provincia.

Polo que respecta ao seguinte asunto de **fóra da orde do día** e, á vista do informe xustificativo que forma parte do *expediente para contratar, mediante procedemento aberto das obras do "Proxecto de Humanización da rúa Concordia"*, **apróbase a urxencia** por tres votos a favor de Democracia Ourense e tres abstencións do Partido Popular (por recibir a documentación sen a antelación suficiente, así como pola falta de conformidade do Sr. Interventor).

- A fórmula matemática non é adecuada para o Interventor. Polo que o Asesor Xurídico, Sr. Costas Núñez, di que é legal; que se queren primar criterios de calidade e que a utilizan todas as administracións.
- O informe do Interventor sinala que se dan moitos puntos á memoria técnica e respóndeselle polo asesor xurídico que iso é por criterios de calidade.
- Pouco prazo para redactar memoria técnica.
- E segue dicindo o Sr. Costas Núñez que non hai tachas de legalidade.

### **SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

#### **21.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar, mediante procedemento aberto, o proxecto de humanización da rúa Concordia. (Expediente núm. 2021037453)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por tres votos a favor de Democracia Ourense e tres abstencións do Partido Popular, acordou:

**1º.- Aprobar** o expediente para contratar, mediante procedemento aberto, o Proxecto de humanización da rúa Concordia, coa correspondente aprobación do prego de condicións económico-administrativas por importe de 4.646.435,97€ (3.840.029,73 € de principal e 806.406,24 € de IVE), con cargo a aplicación orzamentaria 100.1532.60900.

**2º.- Aprobar** o gasto por importe de 4.646.435,97 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 100.1532.60900 do orzamento municipal vixente.

**3º.- Dispoñer** a apertura do procedemento de adxudicación, polos tramites do procedemento aberto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e cincuenta minutos (08h:50'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

